

CASTORIADIS, C., *El ascenso de la insignificancia*.
Cátedra-Universitat de València, 1998, 237 pág.
(Traducción de Vicente Gómez).

Carlos Lema Añón

El ascenso de la insignificancia aparece en español case coincidindo coa morte do seu autor, Cornelius Castoriadis, acontecida o 26 de nadal de 1997. Vai-se así unha das figuras máis brillantes e máis interesantes do pensamento francés e europeu da segunda metade do século XX. Orixinal a forza de heterodoxía e lucidez; incómodo tanto por iso como pola súa pouca complacencia coas modas ou preconceitos ideolóxicos e intelectuais; fecundo pola riqueza do seu pensamento como polo seu compromiso emancipador, ou como se ten denominado, “philosophie militante”. Practicante, pois, dun dos conceptos clave do seu pensamento filosófico-político: da *autonomia*; dunha autonomía que non concebe desligábel nas súa vertentes individual e colectiva, como análogamente non concebe a tónica separación entre as “estritamente equivalentes” liberdade e igualdade.

Autonomo, quer dicir, que se dá lei a si mesmo: “En filosofía é claro -afirmar-se a si mesmo a súa lei quer dicir que se plantexa cuestións e que non acepta ningunha autoridade. Nen sequer a autoridade do seu propio pensamento anterior”. Para Castoriadis esta capacidade de pór en causa a autoridade establecida está na orixe da *política* (diferente do *político*, ámbito en calquer sociedade) ou posta en causa da *xustiza* da lei; e da *filosofía* ou posta en causa da *verdade* herdada. Ambas orixes situábeis, pois, na *polis* grega. Estas dúas postas en causa, estas dúas preguntas son “auténticas interrogacións, quer dicir, interrogacións que deben permanecer abertas para sempre”. No lado político significa que non hai nen haberá unha sociedade que sexa “xusta”; pero a xustiza (como a liberdade, como a igualdade) non é un mito nen unha “idea” senon algo historicamente realizábel, precisamente nas sociedades nas que a interrogación sobre a xustiza está efectiva e permanentemente aberta, submetida á autoinstituición consciente. Mais, hai algun límite para a actividade autoinstituínte dunha sociedade? Quer dicir, hai un criterio intrínseco da lei e para a lei? Pode-se garantir que este criterio non será transgredido? A isto a resposta é negativa: “non hai norma da norma que non sexa ela mesma unha criazón histórica e non hai nengun meio de eliminar os riscos dunha *hübris* colectiva”; nen sequer a moderna ilusión dunha “constituición” como resposta a estes interrogantes. Así, para as tres preguntas kantianas, ao “qué podo saber?” e ao “qué debo facer?” non corresponde unha resposta categórica, apenas -nada menos- unha interrogación continúa: non unha interrogación baldeira, senon unha interrogación artellada sobre uns termos provisoriamente indiscutíbeis, pero abertos a seren replantexados. Si que ten resposta clara a terceira pregunta “qué podo esperar?”: *nada*¹. Ninguén

¹ Vexa-se especialmente “La *polis* griega y la creación de la democracia”, en *Los dominios del hombre. Las encrucijadas del laberinto*, Gedisa, Barcelona, 1995³.

dixo que a autonomía fose doada: abre-nos ao abismo en lugar de ocultá-lo, pero ese é o prezo da lucidez, da liberdade da paixón pola autonomía, pola criazón, pola democracia.

* * *

Nacido en Atenas en 1922, Castoriadis viveu na Franza desde 1945 (desde a mesma época, por certo, que outros importantes representantes da intelectualidade de orixe grega asentada na Franza, como Kostas Axelos ou Nicos Poulanzas). Ligado daquela ao troskismo, non tardou en romper con el, para desenvolver unha crítica aínda máis radical que a troskista ao rexime soviético (que denominaba “capitalismo burocrático total e totalitario”) e aos partidos comunistas. Foi durante moitos anos nun analista imensamente crítico do sistema soviético. Isto, pero tamén a súa crítica do sistema occidental -o seu compromiso socialista, demócrata radical, en definitiva- (especialmente nos últimos anos, cando soaban máis disonantes) levaron-no a ser intelectual-mente illado, ou como el dicía, á soidade.

Foi cofundador e alma de principio a fin da revista *Socialisme ou Barbarie* (1949-1965). Durante os anos desta revista realizou unha crítica do estalinismo, do troskismo, do leninismo, e finalmente do marxismo e do propio Marx (ao que paradoxalmente atribue a penetración do imaxinario capitalista no movemento obreiro). Como se ten dito “Esta obra compoñe sin duda el pensamiento emancipatorio más acabadamente *postmarxista* que nos haya sido dado encontrar, en el sentido de que su autor es uno de los pocos escritores que han logrado efectivamente partir de Marx y criticarle sin quedar presos en su pensamiento ni pasar, por así decirlo, al otro lado”².

Moitos dos seus artigos de *Socialisme ou Barbarie* (onde ás veces publicaba baixo pseudónimo) foron despois incluídos nunha serie de libros aparecidos apartir de 1970. Poden-se destacar *Société bureaucratique* (2 vol. 1973), *L'Expérience du mouvement ouvrier* (2 vol. 1974), *Le Contenu du socialisme* (1979), *Capitalisme moderne et Révolution* (2 vol. 1979), e -quizais a súa obra máis recoñecida- *L'Institution imaginaire de la société* (1975). Neste último volume, como queda recollido no seu título, desenvolven-se outros dous conceptos claves no pensamento de Castoriadis: a *instituíción* da *criazón histórico-social*, e o par imaxinario-imaxinación, ou mais ben -na súa proposta- *imaxinación radical*. Nestes conceptos, no seu desenvolvemento, está implícita tanto a súa visión antropolóxica (onde caracteriza máis ao humano a imaxinación que a racionalidade, onde o que hai de non social no individuo é apenas a mónada psíquica, irreductíbel pero incapaz de “sobreviver” sen socialización), como a súa concepción da sociedade: a súa resposta ao problema de qué é o que mantén unida á sociedade e do cambio ou a diversidade das sociedades. As sociedades son instituícións e significacións imaxinarias sociais xeradas por auténticas criazóns: a historia é criazón, a sociedade é auto-criazón...

Tras a etapa de *Socialisme ou Barbarie* a súa última participación directa en política data de 1968: este respecto é moi valioso “Los movimientos de los años sesenta”, incluído agora no *Ascenso de la insignificancia*, pero escrito en 1988, e necesario perante o ruído provocado -agora como hai dez anos- polas conmemoracións do maio francés. Desde entón, como el mesmo aclara nunha entrevista tamén incluída neste volume: “Tento permanecer presente como voz crítica, pero estou convencido de que a queda das concepcións herdadas (sexa o marxismo, o liberalismo ou as ideas xerais sobre a sociedade, a historia, etc.) fai necesaria unha consideración de todo o horizonte de pensamento no que se inscribe desde hai séculos o movemento político de emancipación. E esta é a tarefa á que me adico desde entón”.

² J. R. Capella “En la muerte de Cornelius Castoriadis”, en *Mientras Tanto*, nº 71.

Unha tarefa que recoñecía imensa, inxente, para un mundo que via ensarillar-se (vexa-se “El derrumbe de Occidente” dentro do *Ascenso de la insignificancia*) nunha auténtica crise civilizatoria: de apatía política e privatización, de descomposición dos valores e referentes, de miséria e tiranía por doquier, de crecemento destrutivo e deprecación... Como afirmaba nunhas declaracións realizadas en 1997: “Estou convencido de que o dilema, retomando os termos de León Trotsky, de Rosa Luxemburgo e de Karl Marx, que nós formulabamos na época de *Socialismo ou Barbárie*, continua a ser válido, a condición evidentemente de non confundir o socialismo coas monstruosidades totalitarias que transformaron Rúsia nun campo de ruínas”.

* * *

Non é doado seguir a última obra de Castoriadis en español, quer dicer, a que ocupa a série *Les Carrefours du Labyrinthe* (As encrucilladas do labirinto). Os seus principais títulos anteriores -fora desta série- foran publicados pola editorial Tusquets: *La experiencia del movimiento obrero*, *La institución imaginaria de la sociedad* e *Ante la guerra*. Non gozou da mesma sorte -como dicíamos- a série “As encrucilladas do labirinto”, incompleta e editorialmente dispersa en España. Até o de agora só estaba traducido o segundo volume da série: *Domaines de l’homme* (1986) pola editorial Gedisa, co título de *Los dominios del hombre: las encrucijadas del laberinto*. Mais con esta denominación “ocupaba” o título xenérico da série -que na edición orixinal francesa correspondía ao primeiro volume *Les carrefours du labyrinthe* (1978)- e deste xeito conducía ao equívoco, pois apenas na mención do título orixinal se infería que se trababa do segundo volume da série³. A edición que aquí nos ocupa, *El ascenso de la insignificancia*, comete o erro inverso, quizais resignando-se a que en español “encrucijadas del laberinto” fiquen identificados en exclusiva a “dominios del hombre”. Non hai neste caso nengunha alusión a que na realidade estamos perante o cuarto volume das “encrucilladas do labirinto”. Pero é que a presentación do volume aínda o ensarilla máis, pois comeza cunha (nese caso) descontextualizada nota do propio Castoriadis de xullo de 1995 na que anuncia un quinto volume das “encrucilladas do labirinto”: o que sería un sinsentido se non fose porque estamos perante o cuarto!

Que teñan sido editoriais diferentes as que publican os dous volumes aparecidos en español non pode xustificar esta confusión á que se conduce ao lector que queira aproximar-se ao último Castoriadis traducido. Mesmamente, o último texto incluído neste *Ascenso de la insignificancia* tiña xa sido publicado na revista *Jueces para la democracia*⁴: por suposto nengunha referéncia no volume e unha nova tradución.

Quizais o derradeiro título da série -*Fait et à faire* (1997)- aparecido poucos meses antes do pasamento do autor sexa finalmente tamén traducido aproveitando unha certa necrofilia no mercado editorial. Ficarian pois polo camiño dous volumes da série ademais de algo de rigor⁵.

Paradoxalmente, si está traducido ao español un texto de Castoriadis de 1997. Na realidade trata-se dunhas declaracións suas recollidas por Robert Redeker en marzo de 1997 e redixidas en forma de artigo, que foi publicado na edición española de *Le Monde*

³ Lóxica a confusión, pois, da reseña “Contra el conformismo generalizado” aparecida no nº 24 (outubro de 1997) da edición española de *Le Monde Diplomatique*, ao mencionar os “Dominios del hombre” como edición española dos “Carrefours du Labyrinthe”.

⁴ C. Castoriadis, “La democracia como procedimiento y como régimen”, en *Jueces para la Democracia*, nº 26, 1996, pp. 50-59.

⁵ Para aclarar as cousas. Os cinco volumes da série “Carrefours du Labyrinthe”, publicados todos por Éditions du Seuil son *Les Carrefours du Labyrinthe* (1978), *Domaines de l’homme* (1986), *Le monde mort-celé* (1990) *La montée de l’insignifiance* (1996) e *Fait et à faire* (1997).

Diplomatique (nº 28, febreiro de 1998)⁶. Unha boa áchega, por certo, a algunhas das dúas ideas e ás súas últimas preocupacións.

* * *

Para quen se achegue a Castoriadis a meio deste *El ascenso de la insignificancia* pode-lle sorprendere a continúa autorreferencia. O autor non ten problema en se remeter unha e outra vez a escritos anteriores alá onde un argumento fica sen desenvolver, onde unha afirmación semella demasiado sumaria, onde simplemente quer encamiñar a curiosidade, ou, quen sabe, quizais onde ten a sospeita de ter sido reiteradamente malinterpretado. Tece e destece ideas e argumentos, formula-os unha e outra vez; reitera ideas con respecto a obras anteriores, ou mesmo dentro do libro, que non oculta -máis ben o contrario- a súa orixe dispersa en artigos e conferencias. Pero isto, máis que improvisación do libro, fala neste caso da coherencia intelectual do seu labor. Porque a autorreferencia é unha continúa revisión non gratuíta das súas aportacións anteriores, un diálogo capaz de non sentir-se atrapado. Un diálogo sobre uns temas recorrentes e aos que se achega desde diferentes perspectivas; alicerzado nunha sólida formación filosófica, é sobretudo quen de dialogar coa tradición cunha mirada sorprendentemente limpa, pero na que se intue esforzo e lucidez intelectual antes que inocencia. Sabe-lle extrair aquilo que busca, e facer contas, pero sen caer na estupidez do nihilismo autocomplacente.

El ascenso de la insignificancia presenta-nos varias das caras intelectuais do seu autor. Aparece aquí a análise social, pero tamén a reflexión filosófico-antropolóxica, e filosófico-política. É esta última parte, que ocupa o final do libro titulado *Pólis*, a que merece aquí maior atención, pois constitúe unha reflexión de sumo interese sobre a democracia e sobre o seu "proxecto de autonomía".

Parte importante está adicada á democracia grega: a unha mirada desde o presente sobre a *pólis* grega. O interese de Castoriadis sobre a democracia grega non é novo: pode-se ver noutros libros anteriores (xa se ten aquí mencionado un deles) e conteñen quizais algunhas das páxinas máis elucidadoras do autor. E son-no máis unha vez pola súa *mirada*. Rexeita dous preconceitos opostos pero simétricos na moderna achega a Grécia: aquela que a presenta como un modelo, un paradigma eterno, e a máis recente que a vé como outra sociedade calquer a estudar. Só deste punto de partida se pode responder á pregunta de por qué Grécia? Por qué reflexionar sobre Grécia? Pois porque Grécia non é para nós nen un "modelo" nen un calquer exemplar entre moitos outros: é un xérmolo... É-o porque ali nacen -paralelamente- *filosofía* e *política* no sentido que xa se ten explicitado aquí. É-o porque se produce a rutura coas sociedades heterónomas precedentes (rutura que se repetirá en Europa occidental apartir do renacemento): racha-se coa clausura dos significados porque a súa criazón deixa de ser imputada a instancias extra-sociais. Non para criar de vez (en nengunha das dúas ruturas) unha sociedade autónoma, pero si para que xurda un proxecto de autonomía social e individual.

Cultura e democracia, ética e democracia son dúas cuestións que trata antes do último apartado "La democracia como procedimientum y como régimen", formato -outravolta- de conferencia, para envolver unha crítica e unha alternativa (teorética pero tamén axiolóxica) a moitos lugares comuns que se teñen ido impondo na reflexión política contemporánea. Trata-se este último con seguridade dun texto maior da filosofía política contemporánea; dun referente importante para calquer reflexión sobre o proxecto democrático contemporáneo. Un bon punto de partida -en definitiva- para a reflexión e a discusión.

⁶ No número de setembro de 1998 desta revista publicou-se aínda outro texto de Castoriadis. Trata-se desta volta dunha entrevista elaborada con anterioridade -en 1996-, pero co interese de se realizan ao pouco da publicacións en francés do seu *Ascenso da insignificancia*.

Castoriadis ten insuficiencias e debilidades. Como non as habia de ter quen se quer infrontar á reflexión sobre unha realidade que desborda as referencias? Como non, se asume no que lle toca a inxente tarefa de repensar unha tradición do proxecto de autonomía cuxos principais referentes se teñen afundido ou contaminado até o punto de se converter en opostos a tal proxecto? Ten, desde logo, que facé-lo desde a perplexidade; pero xa é algo máis o que nos deixa.